

PROGRAMA

Sábado, 3 de maio, 20:30 h.
Lugar: Igrexa das Ánimas

CUARTETO DE METAIS DA REAL FILHARMONÍA DE GALICIA E ÓRGANO (Bruno Forst)

C. Monteverdi (1567-1643)
Tocata
I. Stravinski (1882-1971)
Pulchinela (adaptación para cuarteto de Juan Lois)
A. Gabrieli (1510-1586)
Entonación e Ricercar (órgano só)
G. Gabrieli (1557-1612)
Canzon primi toni
Sonata Pian'e forte
Canzon noni toni
A. Vivaldi (1680-1743)
Concerto para dúas trompetas
G. F. Haendel (1685-1759)
Música acuática (adaptación de Guy Morançon)

BRUNO FORST, Órgano

O organista Bruno Forst estudou en Bordeos con Paule Rochais e Francis Chapelet. Está moi vencellado a Santiago a donde acude regularmente para dar clases, concertos o efectuar gravacións nos órganos das diferentes igrexas da cidade. Nesta ocasión acompaña ao cuarteto de metais da Real Filharmonía de Galicia composto por Ramón Llátser Rodríguez e Javier Simó Echarte, trompetas, e Xavier Ramón Cabo e Jordi Ortega López, trompas.

O ÓRGANO DA CAPELA DAS ÁNIMAS



O órgano da Capela das Ánimas no que se celebrará este concerto é de estilo neogótico, decorado con pináculos verticais e cun teclado único e pedaleiro de doce

contras. Foi construído polo organeiro Ramón Cardama en 1880 (autor tamén do órgano da capela da Virxe do Portal, adxacente ao Convento de Belvís), a petición da Xunta de Goberno da Ilustre Confradía Xeral de Ánimas de Santiago. As cores verde e dourada orixinais foron recuperadas trala restauración feita polo Consorcio en 2005. Estes traballos de recuperación na Capela das Ánimas foron o punto de partida dun ambicioso proxecto, aínda en marcha, que inclúe a restauración dos retábulos laterais, feitos en estuco de xeso, e que son unha das xoias artísticas da cidade. Os traballos estánse a levar a cabo xunto co Opificio delle Pietre Dure, de Florencia.

Domingo, 11 de maio, 21:00 h.
Lugar: Catedral de Santiago

RAÚL DEL TORO SOLA, Órgano

PROGRAMA

Johann Sebastian Bach (1685-1750)
-Preludio e fuga en si menor BWV 544
-Ciclo pascual do Orgelbüchlein:

Christ lag in Todesbanden:

Coral harmonizado BWV 158. Coral para órgano BWV 625

Jesus Christus, unser Heiland, der den Tod überwand:

Coral harmonizado BWV 363. Coral para órgano BWV 626

Christ ist erstanden:

Coral harmonizado BWV 276. Coral para órgano BWV 627

Erstanden ist der heilige Christ:

Coral harmonizado. Coral para órgano BWV 628

Erschienen ist der herrliche Tag:

Coral harmonizado BWV 145. Coral para órgano BWV 629

Heut triumphieret Gottes Sohn:

Coral harmonizado BWV 342. Coral para órgano BWV 630

Komm, Gott, Schöpfer, heiliger Geist:

Coral harmonizado BWV 370. Coral para órgano BWV 631

Herr Jesu Christ, dich zu uns wend:

Coral harmonizado BWV 332. Coral para órgano BWV 632

-Preludio y fuga en sol mayor BWV 550

Felix Mendelssohn (1809-1847)

Sonata op. 65, nº 6

Coral

Variación I

Variación II

Variación III

Variación IV

Fuga

Andante

Olivier Messiaen (1908-1992)

Puer natus est nobis (do Livre du Saint Sacrement)

Maurice Duruflé (1902-1986)

-Coral variado sobre Veni Creator op. 4 (5')

Coral: Andante relixioso
poco meno lento
allegretto
andante espressivo
final-allegro

RAÚL DEL TORO SOLA, órgano

Natural de Sangüesa (Navarra), cursa os estudos de órgano no Conservatorio Pablo Sarasate de Pamplona co catedrático J.I. Martínez Zabaleta, rematandóos coa máxima calificación e os Premios Fin de Grao Medio e Fin de Grao Superior. Perfecciona os seus estudos de órgano en Barcelona baixo a dirección de Montserrat Torrent, e no Sweelinck Conservatorium de Ámsterdam (Holanda), con Jacques van Oortmerssen. Deu concertos, tanto como solista como acompañando a diversas agrupacións, por toda a xeografía española, así como en Francia, Italia, Polonia, Alemaña, Holanda, Bélxica, Luxemburgo, Malta, Andorra, Estados Unidos, Filipinas e Xapón. Efectuou numerosas gravacións discográficas, así como para emisoras de radio e televisión de varios países. Dende 2002 ata 2005 foi profesor de órgano do Conservatorio Profesional de Música de Salamanca, e organista da Real Capela de San Xerónimo da Universidade desta cidade. Dende 2005 é profesor de órgano do Conservatorio Pablo Sarasate de Pamplona e do Conservatorio Superior de Música de Navarra.

O ÓRGANO DA CATEDRAL

A tradición organística de Santiago atópase íntimamente ligada ás celebracións litúrxicas da Catedral; de feito, a presenza do órgano na basílica remóntase ao século XIII, e está probada documentalmente a comezos do século XVI. Moitos foron os organeiros famosos que pasaron por ela, como Martínez de Montenegro, Mernies, Alaraz, Manuel de la Viña ou Mariano Tafall, autor do mellor Tratado de Organería publicado en España no século XIX. O actual órgano da Catedral é resultado da fusión en 1978 dos dous órganos fabricados por Manuel de la Viña a comezos do século XVIII. As caixas foron talladas por Manuel de Romay en estilo barroco, sobresaíndo a súa disposición na parte central da nave maior.

Xoves, 15 de maio de 2008, 10:00 e 12:00 h.
Igrexa da Universidade
CONCERTO DIDÁCTICO PARA CENTROS DE ENSINO

BRUNO FORST, Órgano

Sábado, 17 de maio de 2008, 20:30 h.
Igrexa da Universidade
FRANCIS CHAPELET (Órgano)

PROGRAMA
Entrada improvisada.
Jean François Dandrieu.
Suite de segundo ton
cheo
dúo

trío
baixo de trompeta
discurso suave
gran xogo
Francisco Correa de Araúxo.
Tiento de medio rexistro de tiple.
Tiento cheo
Tiento de medio registro de baixón.
J.P. Sweelinck.
Canción francesa e as súas variacións: Est-ce Mars? (¿Será o deus Marte?)
Samuel Scheidt.
Bergamasca.
J.S. Bach.
Catro extractos do “Arte da fuga”
Fuga I
Fuga III
Canon IV
Fuga II

FRANCIS CHAPELET, órgano

Realiza os seus estudos musicais no Conservatorio Nacional Superior de París, onde obtén o primeiro premio en órgano, improvisación e harmonía. Durante vinte anos exerceu como organista titular de Saint-Séverin de París. Foi tamén o descubridor do órgano hispánico do cal foi o seu primeiro defensor a través do disco. Así mesmo, formou parte das dúas comisións de órganos do Ministerio de Cultura de Francia. Durante vinte anos deu clases de órgano no Conservatorio Nacional de Bordeos e foi director da Academia de Órgano Ibérico de Castela. Unha vez liberado dos seus cargos, dedicouse a desenvolver unha intensa carreira internacional como organista e a colaborar nas campañas de investigación organísticas en América do Sur. Tras unha azarosa vida aventureira por todo o mundo, agora vive no Perigord, a súa rexión natal, con frecuentes visitas a España, o seu país de adopción.

Na actualidade, a súa actividade concertística diminuíu, dedicándose unicamente a tocar naqueles órganos e lugares que lle resultan máis queridos. É membro correspondente da Real Academia de Belas Artes de Madrid e organista honorario de Saint-Séverin de París, así como de San Giovanni de Roma. Como complemento á súa axitada traxectoria, participa en Les Chemins du Baroque no Novo Mundo. Desde a orixe deste gran proxecto, Francis Chapelet aceptou ofrecer voluntariamente o seu inmenso talento como músico e a súa inestimable experiencia nos órganos históricos para propiciar o renacemento dos órganos de América Latina.

O ÓRGANO DA IGREXA DA UNIVERSIDADE



O órgano da igrexa da Universidade foi construído en 1801 polo compostelán José Sanz, para o Colexio de Capeláns de Sancti Spiritus, que celebraba os seus cultos no templo. Foi restaurado por Gerhard Grenzing en 2003. De tipo polifónico con teclado único de ventá, destaca polos seus vinte e catro xogos, que inclúen sons frutados, címbalas, cornetas, trompetas reais ou claríns, entre outros.

A igrexa da Universidade, ou da Compañía, foi construída como sé principal da Compañía de Xesús, no século XVII. Cando a orde foi expulsada de España, a finais do século XVIII, Carlos III cedeuna á Universidade para que lle servise de Capela. Foi entón cando as imaxes da fachada, que representaban a San Ignacio de Loiola e a San Francisco Xavier, foron “decapitadas”, e as súas cabezas substituídas polas de San Pedro e San Paulo. Actualmente está adicada a sala de exposicións e concertos. No seu interior destaca o retábulo maior, cumio do barroco compostelán, proxectado por Simón Rodríguez.

Para máis información:

María José Cerviño (Asociación Musical Berenguela): 619.37.05.44 e

Gabinete de Comunicación do Consorcio de Santiago de Compostela

Telf. 981 57 47 00

prensa@consorcio-santiago.org